

### EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

27 de abril de 2017

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e seis minutos do día vinte e sete de abril de dous mil dezasete; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

Durante o debate e votación do punto 11/67, está ausente da devandita sesión Dona Isabel Devesa Piñeiro, á que se reincorpora no punto 12/68.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/jch

Refª: 17extractoap04

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-4-2017

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/57 **ACTA ANTERIOR**.- O Excmo. Concello Pleno, pola unanimidade dos vinte e cinco membros que conforman a Corporación, **ACORDA** aprobar as actas correspondentes ás sesións celebradas os días 24 de novembro (ORDINARIA) e 22 de decembro (EXTRAORDINARIA) de 2016.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**INTERVENCIÓN**

2/58 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2BIS/2017**.- O Excmo. Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Habéndose constatado un erro material no Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 5/2016 aprobado en sesión plenaria do día 24/11/2016, procede á aprobación da súa corrección de tal xeito que:

**Onde di:**

CÓDIGO FACTURA	NIF/CIF	NOME OU RAZÓN SOCIAL	NÚM. FACTURA	APLICACIÓN	IMPORTE TOTAL FACTURA	DATA REXISTRO
7349	A81948077	ENDESA ENERGIA SAU	P1M501N0238134	16510.22100	232,04	19/11/2015
7483	A81948077	ENDESA ENERGIA SAU	P1M501N0233751	32000.22100	1023,25	19/11/2015

**Debe dicir:**

CÓDIGO FACTURA	NIF/CIF	NOME OU RAZÓN SOCIAL	NÚM. FACTURA	APLICACIÓN	IMPORTE TOTAL FACTURA	DATA REXISTRO
7349	A81948077	ENDESA ENERGIA SAU	P1M501N0238134	16510.22100	232,02	19/11/2015
7483	A81948077	ENDESA ENERGIA SAU	P1M501N0233751	32000.22100	1023,35	19/11/2015

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, aprobar a habilitación de crédito e o recoñecemento e liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas relacionadas no Anexo con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 1.836.252,19 euros

**IMPORTE TOTAL: 1.836.252,19 euros**  
**IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2017: 1.833.353,26 euros**  
**IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE ( non orzamentario): 2.898,93 euros**

3/59 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2TER/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a habilitación de crédito e o recoñecemento e liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas relacionadas no Anexo con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 497.606,53 euros

**IMPORTE TOTAL: 519.146,83 euros**  
**IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2017: 497.606,53 euros**  
**IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE ( non orzamentario): 21.540,30 euros**

4/60 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2017.-** O Excmo. Concello Pleno, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e o recoñecemento e liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas relacionadas no Anexo con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 37.845,59 euros:

**IMPORTE TOTAL: 37.845,59 euros**  
**IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2017: 37.845,59 euros**  
**IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE ( non orzamentario): 0 euros**

### PROPOSICIÓNS

5/61 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 122/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUNHA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO.-** O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar, no menor prazo posible, os trámites para a creación dunha Escola Municipal de Teatro.

SEGUNDO.- Prever nos orzamentos do ano 2017 e sucesivos unha partida suficiente para a posta en marcha e funcionamento dunha Escola Municipal de Teatro.

TERCEIRO.- Trasladar este acordo ao Consello Municipal de Cultura para que se inicie, dende este órgano, un proceso de consultas sobre o formato máis axeitado para a xestión da Escola Municipal de Teatro.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/jch

Refª: 17extractoap04

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-4-2017

**6/62 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 130/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA NAS PARROQUIAS DE ADAI, O VERAL E SANTA MARÍA ALTA.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar no 2017 o proxecto de abastecemento de auga ás parroquias que están no entorno dos depósitos de Penarrubia (O Veral, Santa María Alta, Adai e o lugar de Penarrubia) utilizando para isto os fondos do Plan Único da Deputación Lugo e incluso estudando usar fondos dos remanentes de tesourería de cara a executalo nun plan plurianual.

SEGUNDO.- Coa finalidade de dotar unha rede de abastecemento de augas ás parroquias, elaborar un estudo de prioridades seguindo criterios obxectivos e tendo en conta parámetros como poden ser, entre outros, os habitantes equivalentes.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a involucrarse cos investimentos necesarios para avanzar na implantación da rede de abastecemento de auga no rural do concello de Lugo.

CUARTO.- Trasladar este acordo ao Presidente da Deputación de Lugo e ao Presidente da Xunta de Galiza.

**7/163 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 135/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO MUNICIPAL.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA instar ao Goberno Municipal a que elabore un Plan de Aforro Enerxético Municipal.**

**8/64 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 136/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE LUGO SE SUME Á ORGANIZACIÓN DE CIDADES DO PATRIMONIO MUNDIAL.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA instar ao Goberno municipal a solicitar a inclusión da cidade de Lugo na Organización de Cidades do Patrimonio Mundial.**

**9/65 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 137/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AMPLIAR A DECLARACIÓN DE PATRIMONIO DA HUMANIDADE A TODO O CASCO HISTÓRICO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA iniciar o proceso para que a Unesco amplíe a declaración de Patrimonio da Humanidade a todo o Casco Histórico de Lugo.**

**10/66 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 139/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MANIFESTAR O REXEITAMENTO DO CONCELLO DE LUGO AOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA ESTE 2017.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:**

PRIMEIRO.- Manifestar o rexeitamento do Concello de Lugo ao proxecto de lei dos Orzamentos Xerais do Estado por supoñer a paralización de proxectos básicos para o desenvolvemento do municipio.

SEGUNDO.- Esixir ao Goberno que orzamente e contemple no proxecto de lei dos Orzamentos Xerais do Estado a Estación Intermodal, a Rotonda da Nacional VI, a Comisaría, o desdoblamento e iluminación da Ronda Norte, o desdoblamento da N-VI dende a Tolda de Castela a Garabolos, o enlace da Ponte Blanca coa Volta da Viña, a pasarela peonil do Anxo Carro, a iluminación da N-540 dende a Ponte Nova ata As Arierias, e a Ronda Sur, que unirá a N-VI na Tolda, coa glorieta da estrada da Fonsagrada.

**11/67 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 140/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CONVERTER O VELLO CÁRCERE NUN CENTRO DE CREACIÓN ARTÍSTICA LOCAL.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno municipal a facer do edificio do Vello Cárcere un Centro de Creación Artística, mediante a elaboración das pertinentes bases e baremos de selección e o establecemento dos posteriores contratos de cesión a creadores locais para que traballen e expoñan as súas obras neste espazo.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno municipal a desenvolver, de forma parella, o regulamento que rexa o funcionamento do resto de centros socioculturais e de convivencia da cidade.

**12/68 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 142/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE MELLORA DA EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU DIVERSIDADE FUNCIONAL.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao goberno municipal a que elabore un Plan Municipal de Mellora da Empregabilidade das Persoas con Discapacidade e/ou Diversidade Funcional.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia para que colabore economicamente na execución deste plan.

**B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

**ACTAS E GOBERNO**



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/jch

Refª: 17extractoap04

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 27-4-2017

**13/69 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 20 DE MARZO DE 2017, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.**

**ROGOS E PREGUNTAS**

**PREGUNTAS:**

**A) DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 141/2017 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O PROXECTO DE NOVAS LIÑAS E MELLORAS NO SERVIZO DE BUSES URBANOS.**

